

NOTAS SOBRE A SEGMENTACIÓN TEXTUAL DALGÚNS ADVERBIOS NAS CANTIGAS GALEGO-PORTUGUESAS*

PRELIMINARY REANALYSIS OF THE SEGMENTATION OF ADVERBS IN GALICIAN-PORTUGUESE CANTIGA POETRY

Manuel Ferreiro

Universidade da Corunha
manuel.ferreiro@udc.gal

Resumo: A segmentación textual é unha moi importante operación ecdótica no proceso de edición das cantigas medievais galego-portuguesas; por outra parte, algúns adverbios, e nomeadamente aqueles que teñen un reducido corpo fónico, levantan algúns problemas no proceso de fixación textual dun corpus por veces con transmisión problemática.

Neste contributo faise unha revisión (con proposta editorial) do tratamento dalgúns adverbios desde unha perspectiva segmentativa, sempre a partir da revisión dos manuscritos e do confronto coas principais edicións críticas existentes.

Palabras clave: cantigas galego-portuguesas, segmentación, adverbios

Abstract: Segmentation is an essential part of the text editing process for medieval Galician-Portuguese cantiga poetry, one which is complicated by the problematic transmission of some parts of the corpus. This article examines the segmentation of adverbs (especially short adverbs) in the corpus based on close analysis of the manuscript texts and a comparison of the main existing editions.

Keywords: cantigas; segmentation; adverbs.

A segmentación é unha das operacións ecdóticas máis importantes no proceso de lectura, edición e interpretación das nosas cantigas medievais. A partir da cadea textual transmitida polos cancioneros, a fixación –difícil por veces– dos límites vocabulares, a escolla entre diversas posibilidades, a opción inevitábel por unha das varias alternativas constitúe un proceso complexo que se manifesta especialmente no proceso de identificación das partículas con reducido corpo fónico.

Ao longo de varios traballos fomos facendo propostas de reflexión e, tamén,

* Este artigo inscríbese no proxecto de investigación *Edición crítica dixital das cantigas de amigo* (PGC2018-093928-B-I00), subsidiado polo “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

de solución para contextos problemáticos das cantigas medievais galego-portuguesas¹. Agora, neste contributo queremos incidir nos problemas levantados por algúns adverbios, que, en xeral, contan con propostas editoriais (interpretativas) diversas e, mesmo, diverxentes.

1. Algunhas cuestións relativas a *u* / *d'u* / *du*

A distinción efectuada no texto das cantigas entre *d'u* 'de onde' (crase da preposición *de* co adverbio *u*, do lat. *ŭbī*) e *du* (do lat. *dum* 'aínda, mentres') parte de Joseph Huber, que lle atribúe o significado de "quando, enquanto"², e foi retomada por Tavani, que a aplicou na súa edición do cancionero do trovador Airas Nunez³, nunha pasaxe xa citada polo propio Huber (864.2)⁴. É certo que este adverbio *du* conta con poucos rexistros con valor estritamente temporal ('cando, mentres') na

¹ Véxanse os seguintes contributos de Manuel FERREIRO: Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa. In LORENZO GRADÍN, Pilar & MARCENARO, Simone (eds.). *El texto medieval. De la edición a la interpretación*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 68 de *Verba*), 2012, p. 135-158; Lección manuscrita e crítica do texto: en torno á segmentación das cadeas gráficas na poesía profana galego-portuguesa. *Revista de Literatura Medieval*, Madrid, 26, p. 163-190, 2014; Elementos para unha revisión textual das cantigas trobadorescas: sobre a segmentación de «o» e «a». *Estudos de Lingüística Galega*, Santiago de Compostela, 6, p. 81-115, 2014; Materiais para unha revisión crítica da segmentación de «é» no texto das cantigas profanas galego-portuguesas. In SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel & MARQUES, Maria Aldina (orgs.). *As Ciências da Linguagem no Espaço Galego-Português. Diversidade e Convergência*. Braga: Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho / Edições Húmus, 2016, p. 39-65; Arredor da segmentación intraversal da copulativa «e» nas cantigas trobadorescas galego-portuguesas. In SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel & MARQUES, Maria Aldina (orgs.). *Estudos atuais de linguística galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2019, p. 29-55.

² HUBER, Joseph. *Gramática do Português Antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, 1986 [1933], p. 301, §482.

³ TAVANI, Giuseppe. *A poesía de Airas Nunez*. Vigo: Galaxia, 1992 [1963], p. 83, 86.

⁴ Para as diversas e múltiples referencias ás cantigas utilizaremos *Universo Cantigas* (= UC): FERREIRO, Manuel (dir.). *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. Universidade da Coruña: <<http://universocantigas.gal>>. A identificación numérica das cantigas pode verse en <https://universocantigas.gal/tabela-completa>. Cada composición será localizada mediante o nº de UC seguido da referencia de Tavani (presente en TAVANI, Giuseppe. *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo, 1967), xunto coa indicación convencional das fontes manuscritas (A, B, V), que citamos a partir das súas edicións facsimilares: A = *Cancioneiro da Ajuda. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994; B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; V = *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

As referencias abreviadas serán indicadas simplemente co número de UC seguida do número de verso(s).

lírca profana⁵, mais a súa real existencia é confirmada pola presenza nas *Cantigas de Santa Maria*⁶:

O ben que perdeu Eva
du perdeu parayso,
cobrou Santa Maria
pelo seu mui bon siso (CSM 320.20).

Nos textos prosísticos, para alén de moitos contextos en que *du* indica ou encobre a crase *d'u*⁷, é difícil acharmos ese uso, xa que os contextos son ambiguos (e poderían remitir tamén a un valor locativo)⁸. Cfr., por xemplo, na tradución galega da *Crónica de Castilla* e da *Estoria de España*: *Et desy entrey ãna jgleia et fiz m̃na oraçõ et, f[a]zendoa, adormeçi; et veo(m) a m̃ aquel m̃ge **du** iazia dormiõ et dissome assy: “espertate, amjgo, ca ora he a sazõ”.*

Neste sentido, arredor do adverbio *u*, con corpo fonético mínimo, igual que acontece co adverbio *i*, que é un elemento ‘omnipresente’ no que di respecto á deglutinación⁹, existen certos lapsos e anomalías sobre todo en relación ao par *du* / *d'u*.

En primeiro lugar, queremos pór en relevo unha composición en que semella que o trobador Estevan da Guarda xoga coa distinción *d'u* / *du* tal como interpretamos o texto achegado polos manuscritos italianos na cantiga 634 / 30,23 [B619/V220]. Contra a opción dos restantes editores, que establecen sempre a mesma lección (quer *du*, quer *d'u*), se mantivermos a lección dos manuscritos, os dous contextos esixen interpretación diferente de <du>, como *d'u* ‘de onde’ (v. 3) e

⁵ Véxase UC/Glosario, s. v. *du*, en <https://universocantigas.gal/glosario>

⁶ Para as *Cantigas de Santa Maria* (= CSM), utilizamos a edición de METTMANN, Walter. Alfonso X el Sabio: *Cantigas de Santa Maria*. Madrid: Castalia, 1986-1989 (3 vols.).

⁷ Véxase o *Corpus do Galego-Portugués Antigo* (= CGPA), s.v. *du*: VARELA BARREIRO, Xavier (dir.). *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/CGPA>>.

⁸ Nos múltiples exemplos de *du* na produción prosística é certamente difícil distinguir os valores local (‘onde’) e temporal (‘cando’). Véxase LORENZO, Ramón. *Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1975, vol. II (Glosario), s.v. *du*.

⁹ Véxase FERREIRO, Manuel. Sobre algúns problemas de segmentación do adverbio pronominal «i» nas cantigas. In PICHEL, Ricardo (ed.). «*Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem*». *Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex, 2021 [no prelo].

du ‘mentres, cando’ (v. 11)¹⁰:

Ora, senhor, tenho muit’aguisado
de sofrer coita grand’e gran desejo
pois, **d’u** vós fordes, eu for alongado
e vos non vir, como vos ora vejo
[...]
Desej’e coita e gran soidade
conven sen[h]or, de sofrer toda via
pois **du** vós fordes i e gran beldade
voss’eu non vir, que vi en grave dia (UC 634).

Non obstante, en todas as edicións desta cantiga se produce unha leve emenda da lección manuscrita no v. 11 (*e gran beldade* > *a gran beldade*) para acomodar o texto á unívoca lectura de <du>: *du* en Nunes¹¹ e Pagani¹², *d’u* en Littera¹³. Eis o texto de Nunes para os vv. 9-12, que é seguido por Pagani, embora o editor italiano afirme explicitamente que considera *du* como un adverbio “di stato in luogo” (pensando, erradamente, que Nunes o clasificaba como adverbio temporal¹⁴):

Deseg’ e coita e gram soidade
conven, senhor, de sofrer todavia,
pois, **du** vós fordes i, a gram beldade
voss’ eu non vir, que vi en grave dia, / ...

Littera, con máis algunha intervención editorial, embora o texto coincida no

¹⁰ Os criterios de edición utilizados para o texto das cantigas son os que presiden a confección de *Universo Cantigas* (<https://universocantigas.gal/criterios-de-edicion>), derivados de FERREIRO, Manuel & MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos Paulo & TATO FONTAÍÑA, Laura, (eds.). *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2007.

A lectura dos manuscritos foi feita a partir das reproducións facsimilares de A (*Cancioneiro da Ajuda. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994), B (*Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982) e V (*Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973).

¹¹ NUNES, José Joaquim. *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1972 [1932], p. 221-223. Lémbrese que no *Glossário* final, Nunes concede a *du* só o valor (locativo) de ‘donde’ e ‘onde’ (Ibidem, p. 540).

¹² PAGANI, Walter. *Il Canzoniere di Estevan da Guarda. Studi Mediolatini e Volgari*, Pisa, XIX, p. 77-78, 1971.

¹³ Littera = LOPES, Graça Videira (dir. coord.). *Cantigas medievais galego-portuguesas. Corpus integral profano*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 2016, vol. I, p. 255.

¹⁴ Véxase a nota 11.

fundamental co que fora editado por Nunes (coa diferenza gráfica *d'u*), fornece unha versión con escasa congruencia sintáctico-semántica:

Desej'e coita e [mui] gram soidade
convém, senhor, de sofrer todavia,
pois, **d'u** vós fordes i, a gram beldade
voss'eu nom vir, que vi em grave dia; / ...

A indistinción entre *du* e *d'u*, ou máis xeralmente a desconsideración de *du* ('cando, mentres'), ten xerado textos críticos con anómala segmentación de *du*, adverbio temporal necesario do punto de vista semántico nalgún contexto. Tal acontece, por exemplo, na clásica edición langiana¹⁵ dunha cantiga de D. Denis (564 / 25,135 [B547/V150], v. 13) nunha pasaxe que precisa o adverbio *du*:

Quem vos foi aqui trajer,
para m'irdes destorvar,
d'u dig'aqueste cantar
que fez quem sei bem querer?

Resulta obvio que cómpre *du* 'mentres, cando', adverbio temporal de simultaneidade no v. 13 ('mentres digo este cantar'):

Quen vos foi aqui trager,
pera m'irdes destorvar,
du dig'aqueste cantar
que fez quen sei ben querer?

Outra cuestión que di respecto ao elemento *u* –alleo agora á categoría adverbial– aínda pode localizarse nunha composición trobadoresca, onde a secuencia <cheu> foi interpretada de formas diversas. Na cantiga 1442 / 88,14&141,6 [V1032], unha *tençon* entre o xogar Lourenço e Rodrig'Eanes Redondo, a edición crítica de Tavani¹⁶ no v. 11 segmenta o adverbio *u* dun modo que consideramos anómalo e artificioso, ao interpretar Tavani que "*cheu* è da leggere

¹⁵ LANG, Henry R. *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hildesheim - New York: Georg Olms Verlag (Ed. facsimilar), 1972 [1894], p. 60-61. No glosario Lang só considera o valor locativo (*wo* 'onde' e mais *von wo, woher* 'de onde' (Ibidem, s.v. *d'u, u*).

¹⁶ TAVANI, Giuseppe (ed.). Lourenço: *Poesie e tenzoni*. Edizione, introduzione e note. Modena: Società Tipografica Editrice Modenese, 1964, p. 103-104.

che [= te] u, in cui *u* rappresenta la forma atona del dimostrativo¹⁷:

Lourenço, tu fazes hi teu prazer
en te querereres tan muyto loar,
ca nunca te vimos fazer cantar
que **che u** queira nen-no Demo dizer.

Talvez influído por este comentario, Lapa¹⁸ modifica a lección manuscrita establecendo directamente *cho*:

Lourenço, tu fazes i teu prazer
en te querereres tan muito loar,
ca nunca te vimos fazer cantar
que **cho** queira nẽno Demo dizer.

E aínda Lopes¹⁹ e Littera²⁰ innovan na interpretación de <cheu> cunha nova proposta textual, que tamén se afasta da lección dos códices:

Lourenço, tu fazes i teu prazer
em te querereres tam muito loar,
ca nunca te vimos fazer cantar
que **ch'en** querra nen'o Demo dizer.

Na realidade, coidamos que resulta máis pertinente manter a lección <cheu> subministrada polo Cancioneiro da Vaticana cunha segmentación alternativa que considere *eu* como suxeito de *queira*:

-Lourenço, tu fazes i teu prazer
en te querereres tan muito loar,
ca nunca te vimos fazer cantar
que **ch'eu** queira nen no Demo dizer.

Finalmente, e para alén doutras cuestións ecdóticas nos dous primeiros versos da fiinda, no derradeiro verso dun escarnio de Pero Garcia d'Ambroa (1588 / 126,6 [B1578]), Carlos Alvar²¹ emenda a proposta editorial de Lapa para

¹⁷ Cfr. *ibidem*, p. 107.

¹⁸ LAPA, Manuel Rodrigues. *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia, 1970 [1965], p. 409-410.

¹⁹ LOPES, Graça Videira. *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa, 2002, p. 287-288.

²⁰ LOPES, Graça Videira (ed. coord.), *Op. Cit.*, vol. II, p. 68.

²¹ ALVAR, Carlos. *Las poesías de Pero Garcia d'Ambroa. Studi mediolatini e volgari*, Pisa, XXXII, p. 76,

deglutinar un aparente adverbio *u*, que non fai moito sentido, a partir da lección <Eu aose raa ou aa madrugada> deste verso en B. Na realidade, o editor parece interpretar *u* como unha extraordinaria (e insólita) variante da conxunción *ou*, tal como se deduce da tradución ofrecida²²:

[E n]on-na poderá homen achar
sse non quando se quiser levantar,
ao seraão **u** aa madrugada.

Non obstante, para alén da (im)posibilidade desa interpretación *seraao u* realizada polo autor da edición crítica, é máis conforme coa cadea textual, co sentido e, mesmo, cos erros do tipo <-aa>/<-ao>~<-ã>, unha lectura alternativa, e interrogativa, de toda a fiinda²³:

E u a poderá ome achar
senon quando se quiser levantar,
ou ao serã **ou** aa madrugada?

2. A facilidade segmentativa de *ar ~ er*

Dado que *ar* e *er* son terminacións frecuentes en formas verbais (infinitivo e mais P1 e P3 de futuro de subxuntivo de verbos da primeira e segunda conxugación, respectivamente), é doado localizar problemas que din respecto á posibilidade de segmentar estas secuencias como un adverbio de reforzo moito usado na lingua trobadoresca galego-portuguesa perante formas verbais (con diversos valores contextuais ‘tamén, igualmente, ademais, de novo, polo contrario...’) e que presenta, precisamente, as variantes *ar ~ er* (xunto con *or*)²⁴.

Unha primeira pasaxe problemática en que podería considerarse a presenza de *er* é localizada nunha cantiga de Vaasco Fernandez Praga de Sendin (62 / 151,1 [B89], v. 15) a partir da edición de Michaëlis²⁵, que é continuada en Littera²⁶. Eis o

1986.

²² Cfr. “Y no la podrá encontrar nadie si no cuando se levanta, al atardecer o en la madrugada” (Ibidem, p. 77).

²³ Un texto similar en todas as edicións da cantiga: LAPA, Op. Cit., p. 499-500); LOPES, Op. Cit., p. 396; LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, 382-383.

²⁴ Véxase UC/Glosario, s.v. *ar*.

²⁵ MICHAËLIS DE VASCONCELOS, Carolina. *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1990 [1904], vol. I, p. 732-733.

²⁶ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 531.

texto de Carolina Michaëlis de Vasconcelos:

Mais, mentr'eu vos veer poder'
e poder' convosco falar,
por Deus, a min non **querer** dar
de vos mais ben: ...

Resulta claro que non ten sentido o infinitivo *querer* nunha oración que precisa unha forma verbal persoal. Esta pode facerse efectiva mediante a segmentación de <querer>, de modo que transpareza esa necesaria forma verbal persoal e, ademais, que *er* funcione en posición preverbal con *dar*:

Mais, mentr'eu vos veer poder
e podér convosco falar,
por Deus, a min non **quer er** dar
de vós máis ben: ... (UC 62).

Un outro caso significativo arredor da segmentación de *er* pode verse en Pae Calvo, nunha cantiga sobre o afastamento do namorado por mor da marcha a outras terras (1252 / 112,2 [B1236/V841], v. 26). A edición de Nunes²⁷ non é satisfactoria do punto de vista do sentido:

Non quis meter guarda,
de min que **seria**
e quant'ala tarda
é por seu mal dia.

Embora todas as posteriores edicións²⁸ manteñan o texto de Nunes, <seria> pode ser segmentado en *s'er ia*, mudando radicalmente a lectura do verso, agora en liña co expresado nas restantes estrofas da cantiga (*Foi-s'ó namorado*, v. 1; *Foi-s'el con perfia*, v. 9; *ca se foi con ira*, v. 19; *que s'er ia*, v. 26):

Non quis meter guarda
de min, que **s'er ia**,
e quant'ala tarda
é por seu mal dia:
torto mi ten ora

²⁷ NUNES, José Joaquim. *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1973 [1926-1928], p. 407-408.

²⁸ COHEN, Rip. *500 Cantigas d' Amigo*. Edição crítica / Critical edition. Porto: Campo das Letras, 2003, p. 471; LOPES (ed. coord.), *Op. Cit.*, vol. II, p. 209.

[o meu namorado,
que tant'alhur mora
e sen meu mandado].

Algo semellante acontece nunha cantiga de Roi Queimado (236 / 148,4 [A130/B251], v. 18), onde a tradicional edición de Carolina Michaëlis²⁹ emenda a lección enviada polos manuscritos, con prolongación nas posteriores –e recentes– edicións de Lorenzo Gradín & Marcenaro e de Littera³⁰:

Ca senhor ei que m'estranharia
tanto que nunc'averia poder
de lh'ar falar, nen sol de a veer.
E mal me vai, mais peor **m'iria**.

Sen problemas de carácter sintáctico ou semántico, a emenda da lección <meria> de AB en prol dunha forma de pospretérito (*m'iria*), resulta certamente acaída ao contexto. Porén, non é necesaria tal intervención por podermos segmentar a secuencia facendo emerxer unha forma verbal de copretérito, tamén perfectamente lóxica, xunto coa partícula *er*, que, sendo maioritaria, fronte a *ar*, nos textos transmitido por BV, tamén aparece esporadicamente no Cancioneiro da Ajuda (véxase 310.7 e 14):

Ca senhor ei que m'estrãiaría
tanto que nunc'averia poder
de lh'ar falar, nen sol de a veer,
e mal me vai, mais peor **m'er ia** (UC 236).

Como xa dixemos, a partícula *ar* ~ *er* vai, por norma xeral, anteposta á correspondente forma verbal que acompaña. Tal comportamento sintáctico de *ar* problematiza a súa presenza noutra pasaxe de Vaasco Fernandez Praga de Sendin (60 / 151,16 [B87], v. 12), onde *ar* é deglutinada na lección <leiãr>. A edición de Michaëlis³¹, continuada en Littera³², presenta un texto en que foi realizada, tamén, algunha outra emenda da lección do manuscrito:

²⁹ MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. 263-265.

³⁰ LORENZO GRADÍN, Pilar & MARCENARO, Simone. *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 2010, p. 110-111; e LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 480.

³¹ MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. 728-729.

³² LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 529-530.

E de tal coita, mia senhor,
non é sen guisa d' eu morrer.
Pero nunca mi-a Deus perder
leix' ar per vós, per quen a ei,
se vus eu nunca mais amei
de quanto vus devia amar
omen que vivess' en logar
en que vus podesse veer!

No texto destas editoras, a eliminación da copulativa inicial do v. 11 por aparentes problemas de hipermetría levou a unha refacción anómala do verso que muda a sintaxe e condiciona para unha interpretación diferente á ofrecida pola lección manuscrita. A sinalefa *a_ei* permite resolver a medida e conservar a copulativa inicial, de modo que se manteña a integridade do infinitivo *leixar*, sintacticamente paralelo a *perder* (v. 11), e sen a anómala posposición de *ar*:

E de tal coita, mia senhor,
non é sen guisa d' eu morrer,
pero nunca mi á Deus perder
e **leixar** per vós, per que a ei,
se vos eu nunca máis amei
de quanto vos devi'a amar
ome que vivess'en logar
en que vos podesse veer (UC 60).

Unha derradeira cuestión relativa á segmentación ou deglutinación (en relación coa rima) que queremos tratar aquí fai referencia ao anómalo *dever* que se localiza nunha cantiga de Joan Soarez Coelho (1434 / 79,28 [V1024], v. 6). O problema reside en que *dever* debería rimar con *quiser*, con vogal aberta, que o infinitivo ou futuro de subxuntivo *dever*, como todos os verbos regulares da segunda conxugación, non presenta nese tempo nin, obviamente, no infinitivo. A edición lapiana³³ establece un texto rimaticamente anómalo (er : er) que, non obstante, é seguido en Lopes³⁴ e Littera³⁵:

e oí end'o meirinho queixar
e dizer que fará, se Deus **quiser**,

³³ LAPA, Op. Cit., p. 361-362.

³⁴ LOPES, Op. Cit., p. 250.

³⁵ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. I, 623.

que non trobe quen trobar non **dever**
por ricas donas nem por infançoas.

Neste sentido, Ângela Correia, consciente do problema rimático, propón como solución a emenda *dever* > *tever*:

Tudo, excepto o manuscrito, aponta para um erro na leitura desta palavra: o infinitivo deste verbo é raro na lírica profana e mais ainda em posição de rima; a vogal é fechada, e não aberta como aqui deveria ser para rimar con «quiser». Sobretudo nesta cantiga, creio improvável que o trovador cometesse erro tão grosseiro. A possibilidade de a forma verbal poder ter vogal aberta parece-me francamente remota, já que não encontrei nenhum outro caso. (...) A lição «dever» deverá ter tido origem numa má leitura da forma verbal «tever»³⁶.

Porén, coa emenda (*dever* [e] > *tever* [ɛ]) proposta por Correia levántase outro problema, pois parecería que *trobar* fose o CD de *tever*, sen encaixe sintáctico no contexto (ou, alternativamente, que a construción obrigatoria fica sen a necesaria conxunción *que*):

e oi end' o meirinho queixar
e dizer que fará, se Deus **quiser**,
que non trobe quen trobar non **tever**
por ricas donas nen por infançoas.

Perante o texto enviado polo Cancioneiro da Vaticana, cunha forma *dever* de futuro de subxuntivo, imposíbel por rima, ou de infinitivo, contraditorio coa sintaxe e coa métrica, a segmentación *dev'er* aparece como factíbel, por máis que sexa inusual a posposición da partícula *er*³⁷, que, como é sabido, presenta rima aberta (véxase 554.17, en rima con *prouguer*, e 563.18, en rima con *mester* e con *prouguer*). Deste modo, ficarían resolvidos os problemas sintácticos e rimáticos:

Joan Garcia tal se foi loar

³⁶ CORREIA, Ângela (2016): *Ama. A Importância de um Nome no Conhecimento sobre os Trovadores Medievais Galego-Portugueses*. Lisboa: Bibliotónica Portuguesa, 2016, p. 84. Dispoñíbel en <http://www.bibliotronicaportuguesa.pt/originais/>.

³⁷ Este caso sumaríase ás restantes ocorrencias de *ar ~er* posposto no corpus das cantigas profanas: *eu vos direi ar*, / e máis, por que vo-lo ei [eu ja máis a dizer (105.14); *non quedarei ar*, meu ben e meu lume, / de chorar sempre (634.20); e pauce e arriçou [ar], / e ja se leva (1507.17); e que me parec'er tan ben, / cada que a eu vejo, / que semelha rosa que ven, / quando sal d'antr'as relvas (1617.29).

e enfenger que dava [de] sas doas
e que trovava por donas mui boas;
e oi end' o meirinho queixar
e dizer que fara, se Deus quiser,
que non trobe quen trovar non **dev'er**
por ricas donas nen por infançosas.

3. A emerxencia da variante adverbial *einda*

Perante a esmagadora presenza da forma adverbial temporal *ainda*, outras variantes alternativas desde adverbio son cuantitativamente irrelevantes na lírica profana galego-portuguesa. Na realidade, conforme o texto ofrecido en todas as edicións históricas (quer de xénero, quer críticas), a única forma diverxente que se rexistra é *inda*, forma que é abondosamente documentada en textos históricos até a actualidade. No entanto, acreditamos con firmeza que nas cantigas existe, tamén, unha outra variante alternativa, *einda*, que se atesta, sen dúbida ningunha, nunha cantiga de Estevan da Guarda (1342 / Tav 30,22 [B 1325, V 931], v. 11:

mais das outras que lh'andan en contrairo,
cujo poder **einda** sobr'el dura,
per ùa delas foi mui mal chagado
e pela outra cobrou priorado
u ten lazeira en logar de cura.

Porén, esta variante adverbial *einda* (<eynda> BV) foi sistematicamente apagada en todas as edicións da cantiga de Estevan da Guarda³⁸. Na realidade, ao longo do corpus profano achamos máis ocorrencias de *einda* se considerarmos segmentacións textuais ou lecturas alternativas, en liña coa multiplicación de variantes que achamos na produción prosística (*ainda* ~ *ainde*, *einda* ~ *einde*, *inda*)³⁹. Na cantiga 70 / 151,29 [A7/B97], de Vaasco Fernandez Praga de Sendin, perante as leccións diverxentes <e inda> A e <aïda> B no v. 11, a partir de Carolina Michaëlis⁴⁰, seguida por Littera⁴¹, circula un texto en que a forma do Cancioneiro da Ajuda foi

³⁸ Véxase LAPA, Op. Cit., p. 200-201; PAGANI, Op. Cit., p. 163-164; LOPES, Op. Cit., p. 520; LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. I, p. 277-278.

³⁹ No *Corpus Galego-Portugués Antigo* rexístranse as seguintes variantes e ocorrencias: *eynda* ~ *einda* (82), *inda* ~ *ynda* (55), *eynde* ~ *einde* (6), *aynde* ~ *ainde* (4).

⁴⁰ MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. 17-18.

⁴¹ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 537.

preterida para acoller na lección crítica a forma *ainda* presente no Cancioneiro da Biblioteca Nacional:

Mais se mi-o Deus dess(e) ora, mia senhor,
ainda me poderia valer.

No entanto, a prioridade de A aconsella manter a súa lección, coa aglutinación de <e in da>:

Mais, se mi-o Deus desse ora, mia sennor,
einda me poderia valer (UC 70).

Por outra banda, no mesmo trovador, na cantiga 74 / 151,28 [A11/B101], v. 12, volvemos achar unha opción editorial para as leccións <e in da> A, <aĩda> B que continúa a desbotar, máis unha vez, a forma *einda*; non obstante, nesta ocasión a lectura *e in da*, deglutinada, xera un problema sintáctico nas edicións existentes, por canto o período anterior carece dun verbo principal. Eis a versión de Michaëlis⁴², acollida, de novo, en Littera⁴³:

E pero nunca foi empensado
que podess(e) eu per ren veer
o que me faz tal cuit(a) aver,
por que en esto sōo chegado.
E in da vos máis direi én: / ...

Tal problema de ligazón sintáctica desaparece con *einda*, ao funcionar *direi* como verbo principal do período:

E pero nunca foi én pensado
que podesse eu per ren veer
o que me faz tal cuita aver,
perque en esto sōo chegado,
einda vos máis direi én: / ... (UC 74).

Á luz destes datos, talvez sexa tamén conveniente considerar *einda* na secuencia <diffeinda> B, nunha cantiga de Rodrig'Eanes de Vasconcelos (330 / 140,4 [B368^{bis}], v. 15), onde foron sucesivamente aparecendo diversas lecturas nas varias

⁴² MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. 25-26.

⁴³ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 540-541.

edicións deste texto:

Et diss' **end' ela** logo: "Assi me venha ben,
come serei guardada! dizer vo'-lo quer' eu: / ...⁴⁴

E disse **inda** logo: "Assi me ve[n]ha ben,
como serei guardada dizer-vo-lo quer'eu: / ...⁴⁵

E diss'**end' [el]a** logo: -Assi me venha bem,
como serei guardada! Dizer-vo-lo quer'eu: / ...⁴⁶

E disse-**m'ela** logo: -Assi me venha bem,
como serei guardada! Dizer-vo-lo quer'eu: / ...⁴⁷

Na realidade, é probábel que a mellor opción editorial resida na segmentación de *einda*, a consolidar a presenza indubitábel desta variante adverbial no corpus profano das cantigas:

Et diss'**einda** logo: "Assi me ve[n]ha ben,
come serei guardada dizer-vo-lo quer'eu: / ... (UC 330).

4. Aínda sobre outros adverbios na cadea textual (*ja, oje, lá*)

A frase formularia *grado a Deus ~ a Deus grado* é de uso frecuente na lingua trobadoresca galego-portuguesa (692.15, 1465.9, 1532.17, 1598.20 e 28; 653.5, 987.17, 1137.1, 4 e 6, 1145.9). Ás veces, esta expresión de tipo adverbial pode incorporar un indicador temporal co adverbio *oje*, tal como acontece no refrán da composición 649 / 151,22 [B633/V235], de Vaasco Fernandez Praga de Sendin, unha cantiga de amigo editada por Nunes na súa clásica edición deste xénero amoroso⁴⁸. Foi a inadvertencia da presenza do adverbio *oje* o que provocou que o ilustre editor portugués segmentase deficientemente a secuencia dos manuscritos (<gradoiade9> BV):

e, amigo, **grado já** Deus

⁴⁴ MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. 842-843.

⁴⁵ FERREIRO, Manuel. *As cantigas de Rodrigu'Eanes de Vasconcelos*. Edición crítica con introdución, notas e glosário. Santiago de Compostela: Liovento, 1992, p. 53.

⁴⁶ LOPES, Op. Cit., p. 440;

⁴⁷ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 430);

⁴⁸ NUNES, *Cantigas de Amigo*, Op. Cit., p. 65-66.

que vos veen os olhos meus.

Resulta obvio que unha segmentación alternativa, xa diligentemente realizada polos posteriores editores⁴⁹, permite incorporar con normalidade o adverbio nunha expresión que se reitera noutra pasaxe moi similar do mesmo trobador (cfr. *A Deus grad'oje, mia senhor, / porque vos eu posso veer* en 62.r1):

e, amigo, **grad'oj'a** Deus
que vos veen os olhos meus (UC 649).

Con certeza, é un problema de segmentación (e de interpretación fonomorfolóxica) a moi estraña forma *oi* (< lat. *hōdīe*) que absolutamente en todas as edicións⁵⁰ consideran nunha cantiga de Pero Garcia de Ambroa (1587 / 126,14 [B1577], v. 12):

... Amigo, esto t' é mester:
ven a dar-mi algo d' **oi** a tercer dia.

A secuencia manuscrita é <doi aterterdia>, mais non existe ningunha razón para non interpretar <i> como consoante fricativa prepalatal sonora, como é habitual no copista *d*⁵¹, que na seguinte cantiga presenta <oie>, interpretado unánime e obviamente como *oje* (1588.6 *ca u man oje non marra cras i*), ou por citar un caso con crase, tamén no mesmo copista <oie> lido como *oj'e* (1596.6 *a lide foi com'oj'e, come cras / prenderan eles terra no Alcor*). Así pois, haberá que restaurar a lectura correcta do adverbio *oje*, que só conta con dúas ocorrencias da variante *oi*, a segunda delas indiscutíbel (5.13 **Oi** nos devemos [a]legrar / d'este escudo que Deus aqui / troux', ...; 20.2 *Ai mia senhor, sempr'eu esto temi / des que vos vi, que m'oi de*

⁴⁹ COHEN, Op. Cit., p. 119; LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, 542.

⁵⁰ MICHAËLIS, Op. Cit., vol. II, p. 535; LAPA, op. cit., p. 486-487; ALVAR, Op. Cit., p. 72-73; LOPES, Op. Cit., p. 395; LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, 381-382).

Non cabe dúbida de que todos os editores fixan a forma *oi*, pois así aparece en Michaëlis (que distingue perfectamente entre a grafía vocálica e a consonántica, mentres que en Lapa e Lopes aparece como *ôi*; pola súa parte, Alvar afirma explicitamente que na súa edición “[l]as *j, y, v* con valor vocálico han sido transcritas como *i y u*, y estas grafías con valor consonántico se han transcrito como *j o v*” (cfr. ALVAR, Op. Cit., p. 47).

⁵¹ Véxase FERRARI, Anna. *Formazione e struttura del canzoniere portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Brancuti)*. Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche). *Arquivos do Centro Cultural Português*, Paris, XIV, p. 27-142, 1979.

vós *aven*):

... Amigo, esto t' é mester:
ven a dar-mi algo d' **oj'**a tercer dia.

Por volta do provenzalizante adverbio *ojemais* 'de hoxe en diante', facilmente deglutinábel como *oje máis*, isto é, como adverbio de tempo + adverbio de cantidade, poden aparecer, outrosí, algunhas decisións editoriais problemáticas. Isto é o que acontece nunha cantiga de Paai Gomez Charinho (409 / 114,5 [A250], v. 9), onde todas as edicións⁵² presentan a forma *ojemais* (con diversos formatos gráficos). Velaí o texto inicial de Michaëlis:

E de guisa mi-o mostrou que queria
ante mia mort' **ogemais** ca viver,
ca soffro coitas qual non soffreria.

Non obstante, semella máis acaído individualizar unha forma adverbial *máis*, en liña, aliás, coa deglutinación gráfica que se percibe na lección manuscrita <oge mais> de A; deste modo, *máis* forma parte da correlación con *ante* (*ante ... máis*):

E de guisa mi-o mostrou que queria
ante mia mort' **oje máis** ca viver,
ca soffro coitas qual non soffreria (UC 409).

Por outra banda, a partir das múltiples posibilidades de lectura da ambivalente secuencia manuscrita <seia> (= *seja, se ja, se i á, se i a, se j'a...*), levántase un problema na edición da cantiga 1588 / 126,6 [B1578], v. 20, de Pero Garcia d'Ambroa. Vexamos as diversas propostas, con solucións diferentes, mesmo contraditorias. Así, en Lapa⁵³:

e nona pode nulh' omen colher
ena mão, **se a** non acha jazer,

⁵² MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. I, p. 488-489; CUNHA, Celso Ferreira da. *O Cancioneiro de Paay Gómez Charinho. Trovador do século XIII*. In *Cancioneiros dos Trovadores do Mar*. Ed. de Elsa Gonçalves. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1999 [1945], p. 124-125; MONTEAGUDO ROMERO, Enrique. Apéndice I. Textos e notas. In COTARELO VALLEDOR, Armando. *Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)*. Madrid: Librería General de Victoriano Suárez [Ed. facsimilar: Santiago de Compostela: Xunta de Galicia], 1984 [1934], p. 333; LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 220.

⁵³ LAPA, Op. Cit., p. 499-500.

en quando sté, ou quando é levantada.

Por súa parte, a edición crítica do cancionero de Pero Garcia d'Ambroa realizada por Alvar⁵⁴ está na base das posteriores de Lopes⁵⁵ e Littera⁵⁶:

e non-na pode nul homen colher
na mão, **se i a** non ach' a jazer
ou quando ste ou quando hé leva[n]tada.

Para alén doutros problemas textuais na edición desta cantiga, na secuencia concreta que agora tratamos é posíbel unha segmentación e interpretación alternativa, sobre todo tendo en conta que ao longo da cantiga o adverbio *i* aparece sistematicamente grafado como <hi> (vv. 6, 16) ou como <y> (vv. 7, 11):

e non na pode nulh'omen colher
na mão **se j'a** non acha jazer
ou quando'sté ou quando é leva[n]tada.

Deste modo, no texto transparece unha crase do adverbio *ja* co pronome *a* en función de CD que forma parte dun conxunto de encontros fonéticos similares, de presenza limitada no corpus, talvez polo carácter semitónico deste adverbio: *j'a* (64.10), *j'alguen* (92.24), *j'assi* (238.10, 408.4), *j'agora* (365.16, 764.r2, 1281.1), *j'amigo* (689.2).

No corpus das cantigas multiplícase a aparición dunha frase formularia de tipo afirmativo ('certamente, sen dúbida') formada arredor dos verbos *aver* (*u al non á, u non á al* etc.) ou do verbo *jazer* (*u non jaz al ~ u al non jaz*) coa presenza do adverbio *u*. De similar modo, aparecen unidades fraseolóxicas equivalentes, cos mesmos elementos mais co adverbio *i*, tales como *non á ~ averá i al*. Estas últimas construcións poden presentar tamén un reforzo co adverbio *ja*, tal como acontece con (*e*) *non á ja i al* (495.24), *e al non á ja i* (733.8), *ja i al non á* (945.7).

Na edición do v. 19 da composición 460 / 54,1 [B465] de Garcia Perez & Afonso X, todas as edicións fixan un texto en que a secuencia manuscrita é interpretada como unha cláusula aseverativa convencional. Velaí o texto na edición

⁵⁴ ALVAR, Op. Cit., p. 76.

⁵⁵ LOPES, Op. Cit., p. 396.

⁵⁶ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 3282-3283.

lapiana⁵⁷:

mandade logu'est'e **non aja i al**:
deita[de-a] logu'en ùu muraldal,
ca peor pena nunca d'esta vi.

No entanto, acreditamos que, en liña coa existencia das antecitadas expresións formularias, tamén nesta composición a lección <aia> debe ser deglutinada de modo que transpareza *á ja*, a formar parte da unidade fraseolóxica *e non á ja i al*, que vén, deste modo, sumarse ás ocorrencias desa expresión xa detectadas no corpus:

–Senhor, mui ben me vos fostes salvar
de pena veira que trager vos vi;
e, pois de vós a queredes deitar,
se me creverdes, faredes assi:
mandade log'est', **e non á ja i al**:
deita[de-a] log'en ùu muraldal,
ca peor pena nunca desta vi (UC 460).

O adverbio de lugar *ala* presenta unha variante reducida *lá*, de carácter máis tardío e de uso minoritario na lingua das cantigas. A existencia de tal variante fai con que unha secuencia do tipo <dela> permita unha interpretación alternativa á recorrente *d'ela* (ou *dela*). Nunha cantiga de Fernan Rodriguez de Calheiros (44 / 47,14 [B70]) sobre o obrigado afastamento territorial do trovador a respecto da amada, a secuencia en causa foi repetidamente segmentada como *d'ela* por Michaëlis⁵⁸ e continuada en Littera⁵⁹:

mais, pois m'eu **d'ela** vin, de pran
nulh'ome non lh'ar disse ren
[senon con que lhi fosse ben].

...

mais pero, pois me **d'ela** vi[n],
nulh'ome non lh'ar disse ren

⁵⁷ A frase é sempre fixada como *e non aja i al* (LAPA, Op. Cit., p 239-240; PAREDES, Juan (ed.). *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica con introducción, notas y glosario. Roma: Japadre Editore, 2001, p. 133; PAREDES, Juan (ed.). *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica con introducción, notas y glosario. Roma: Japadre Editore, 2010, p. 115) ou *e nom haja i al* (LOPES, Op. Cit., p. 152; LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. I, p. 389.

⁵⁸ MICHAËLIS, Op. Cit., vol. I, p. 700.

⁵⁹ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. I, p. 361.

[*senon con que lhi fosse ben*].

Porén, o sentido xeral da cantiga aconsella a segmentación alternativa, que neste caso se ve favorecida pola explícita indicación *pois me fez quitar / d'u ela é* dos vv. 3-4 e mais polo uso da frase *d'ala vin* noutra cantiga do mesmo trovador (45.6):

Muito per-á ja gran sazón
que mia senhor mui gran pesar
non oi, pois me fez quitar
d'u ela é, ca des enton
nulh'omen non lh'ar disse ren
senon con que lhi fosse ben.

Eu lhi dixi quan grand'afan
me faz o seu amor sofrer,
e pesou-lh'[o qu]e foi dizer;
mais, pois m'eu **de lá** vin, de pran
nulh'ome non lh'ar disse ren
[senon con que lhi fosse ben].

Eu, que [a] amo máis ca min,
fig'este atreviment'atal
u lhi dixi [este] meu mal;
mais pero, pois me **de lá** vi[n],
nulh'ome non lh'ar disse ren
[senon con que lhi fosse ben] (UC 44).

Finalmente, queremos acabar esta reflexión/revisión de cuestións segmentativas que din respecto a algúns adverbios cunha forma modal de escaso uso na lingua medieval (e desaparecida na lingua moderna). Referímonos a *anvidos* ~ *d'anvidos* 'de má vontade, contra vontade', con só tres ocorrencias no corpus das cantigas profanas⁶⁰.

Na cantiga de amigo 1091 / 121,10 [B1089/V680], de Pedro d'Armea, aparece o adverbio no v. 7, no seo dunha pasaxe sen especiais complicacións interpretativas (<Muy danuyd9> B, <mui danuydus> V). O primeiro editor da composición intervén cunha emenda na forma adverbial⁶¹:

⁶⁰ Véxase véxase UC/Glosario, s.v. *anvidos*, en <https://universocantigas.gal/glosario>

Na restante produción medieval este adverbio é certamente inusual, pois só achamos dúas ocorrencias de *d'anvidos* nas CSM e unha ocorrencia de *mui da anvidos* na *Demanda do Santo Graal* (véxase CGPA, s.v.).

⁶¹ NUNES, *Cantigas de amor*, Op. Cit., p. 460-461.

por húa dona que por meu mal vi
mui fremosa, e de que me parti
muyt' anvydos e ssen [o] meu prazer.

Neste caso, Reali⁶², e tamén Fernández Campo⁶³, corrixe axeitadamente a lectura de Nunes a partir da lección de BV. É verdade que existe unha ocorrencia de *muit'anvidos* no corpus profano da poesía trobadoresca (196.4 *Que muit'á ja que a terra non vi / u ést'a mui fremosa mia senhor, / de que m'eu triste chorando parti, / e mui't'anvidos e mui sen sabor*), mais tamén existe outra de *mui d'anvidos*, invalidando, pois, a corrección de Nunes (1340.25 *E na coroa, que tapar queria, / deixa crecer a cient'o cabelo / e a vezes a cobre con capelo, / o que, ant', el mui d'anvidos faria*). E, do mesmo xeito, desaconsella a reintegración *mui[to] d'anvidos* que propón Littera⁶⁴, sendo preferíbel considerar a omisión do artigo:

Meus amigos, quero-vos eu dizer,
se vós quiserdes, qual coita mi ven:
ven-mi tal coita que perço meu sén
por quanto vos ora quero dizer:
por ùa dona que por meu mal vi
mui fremosa e de que me parti
mui d'anvidos e sen [o] meu prazer.

5. Cabo

Do punto de vista da segmentación textual, a revisión do comportamento editorial verbo dalgunhas partículas (adverbios no presente contributo), e nomeadamente daquelas que presentan un corpo fónico reducido, revélase como unha tarefa necesaria no longo proceso de establecemento dun texto fiábel das cantigas: un patrimonio literario compartido fundamentalmente por galegos e portugueses e mais brasileiros, e tamén por todas aquelas persoas e culturas que tiveron a súa raíz na vella Gallaecia, de que todos somos herdeiros e de que Maria do Amparo Tavares Maleval se sentía orgullosa partícipe.

⁶² REALI, Erilde (1964): *Le "cantigas" di Juyão Bolseyro*. Napoli: Pubblicazioni de la Sezione Romanza dell'Istituto Universitario Orientale, 1964, p. 89-90.

⁶³ FERNÁNDEZ CAMPO, Francisco (2012): *As cantigas de Pero d' Armea. Edición crítica e estudo*. Tese de Doutoramento [iné dita], Universidade de Santiago de Compostela, 2012, p. 123.

⁶⁴ LOPES (ed. coord.), Op. Cit., vol. II, p. 323-324.

Artigo recebido em 03/12/2021
Artigo aceito em 15/12/2021

